


Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CULLEREDO
Edificio	Igrexa de San Silvestre de Veiga
Dirección	Peiro de Arriba, s/n. 15199
s	43.257788 -8.413261
	
Descrición	<p>A igrexa presenta unha planta con tres corpos: unha nave rectangular, ábsida tamén rectangular e a sancristía apegada ó muro sur dende a metade da nave ata a ábsida, estes de menor altura cá nave. Neste muro, e apegada a sancristía, tamén posúe unha porta menor de acceso, protexida cun pequeno cuberto. A cuberta é a dúas augas con tella curva do país.</p> <p>A súa fachada de traza sinxela, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular alintelada que sobresaie lixeiramente do plano da fachada. Sobre o ingreso vai unha xanela cadrada que tamén sobresaie lixeiramente do plano da fachada. Enriba do marco da xanela ten unha pedra cunha inscrición que di: “R A 1910”. Rompendo o vértice da fachada vai a base para unha espadana dun corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e que serven pra aloxa-las campás. Remata o conxunto unha cornixa moldurada cun acroterio seguido dun capitel troncopiramidal que soporta unha cruz octogonal cos brazos con remates florenzados e flanqueado por uns pináculos piramidais.</p> <p>A igrexa foi construída no século XVIII, en torno a 1760-1770, e a súa fachada foi remodelada no ano 1910, tendo a pedra á vista composta de cantería irregular e cachotería e, como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Protección	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	20-10-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1970	43	46
Espadana	Maior.	SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1826	51	77

Información completa: [Igrexa de San Silvestre de Veiga - CULLEREDO \(GALICIA\)](#)